



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Carmen Cajide Hervés e Laura Seara Sobrado, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

No mes de setembro de 2006, o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, anunciou as medidas que o Goberno galego tiña pensado poñer en marcha logo da experiencia adquirida na xestión ante o vertido procedente da factoría da empresa Brenntag ao río Umia. Medidas, como a creación dunha unidade de análise do estado ecolóxico dos ríos galegos, a elaboración de plans de continxencia adaptados ás características das canles fluviais, e a necesaria reflexión sobre a ordenación do territorio para facer compatible a actividade industrial coa protección do medio ambiente.

Mais recentemente, o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Manuel Vázquez Fernández, daba a coñecer un inventario realizado pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible sobre a contaminación das augas nos ríos galegos e un plan de acción para mellorar a preocupante situación que estaban a padecer. Na presentación, o conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible destacou o preocupante estado das canles das comarcas do Salnés, Ulla e Umia, chegando a soportar 834 puntos de derrame.


Tendo en conta o exposto anteriormente, e que unha das maiores riquezas de Galicia son os nosos ríos, as deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Cales son as actuacións que están a levar a cabo dende a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para resolver o grave problema que está a padecer este río?

Pazo do Parlamento, 20 de marzo de 2007

Asdo.: Carmen Cajide Hervés
Laura Seara Sobrado
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Cajide Hervés na data 20/03/2007 18:10:52

Laura Seara Sobrado na data 20/03/2007 18:11:01

Partido dos
Socialistas
de Galicia